



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presentan para debate e aprobación, se procede, polo leno da corporación, a seguinte **Moción a respecto do ENTROIDO na nosa provincia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Entroido chega ata os nosos días pola forza da pervivencia de ancestrais ritos e arraizadas crenzas, das que a orixe se perde na noite dos tempos, e pola idiosincracia do pobo galego, tan apegado ao seu. Isto propicia á vez que se conserve senón na súa pureza xenuina, si con poucas alteracións no que toca a aspectos non esenciais.

O Entroido Ourense constitúe un ben cultural legado en condicións óptimas para a súa perpetuación. Non obstante esta circunstancia non se da do mesmo xeito na totalidade da xeografía provincial, xa que en gran parte da mesma deixouse de celebrar, ao ser fortemente censurado e prohibido dende a guerra civil do 36 e durante a ditadura franquista ata chegados os anos sesenta, nos que se vai recuperando paseniñamente nas zonas onde tiña máis longa tradición. Nembargantes, e malia a prohibición o pobo seguía conmemorando a festa aínda que sabía que corría grave risco de ser multado, ou algo moito peor, cuestión que resultou determinante para que non se perdera.

Ourense é moito máis que o triángulo máxico: Laza, Xinzo e Verín. Cada recuncho de cada concello ten unha expresión cultural propia que, en moitos casos, corre o risco de perderse, ao non quedar xente nos lugares, aínda que nos últimos anos, o enorme esforzo de moitos veciños e veciñas, que se negan a ver como se esvaen unha parte das súas tradicións está a provocar a súa recuperación e revitalización

A Provincia de Ourense é un ronsel de entroidos: as "**Pantallas**" de Xinzo, os "**Peliqueiros**" e "**Cigarróns**" de Laza e de Verín, a "**Morena**" de Laza, os "**Fachóns e bodegas**" de Oimbra, as "**Tamborradas**" e a "**Mula**" de Viana, os "**Folións**" e "**Boteiros e Danzarís**" de Vilariño, "**Boteiros**" de Viana, a "**Mázcara**" de Manzaneda, os "**vellaróns**" do Riós, os "**Vergalleiros**" de Sarreaus, os "**Zarramalleiros**" de Cualedro, os "**Troteiros**" de Bande, os "**Cabreiros**" de Muiños, "**Os galos**" de San Pedro da Mezquita, as "**Madamas e galáns**" de Froxás das Viñas, as "**Charrúas**" de Allariz, os "**Murrieros**" de A Teixeira, o "**Oso**" o "**Touro**" e o "**Xigante**" de O Bolo, as "**Bonitas**" e as "**Abutardas**" de Sande, as "**Gárgolas**" de Celanova, as "**Mascaradas e Garabás**" de Maside, os "**Bobos e Paiaos**" de Beariz, os "**Felos**", "**Rodos e Corozas**" de Boborás, os "**Irrios**" de Castro Caldelas, os "**Borralleiros**" de Cortegada, a "**Vacaloura**" de O Barco de Valdeorras, os "**Galáns e Madamitas**" de Entrimo, os "**Labardeiros**" e "**Señoritas**" de Mugares, a "**Pita**" das Eiroás, o "**Farrampán**" de Pentes, o "**Peloto**" do Tameirón, a "**Paquita e o Nicanor**" de Seixalbo, os "**Fargalleiros ou Zamarreiros**" da zona que marxea co Bierzo.....ademáis dos "**carnavales urbáns**", etc.

O entroido non é so troula e divertimento. A relevancia económica é cada vez maior. Constitúe unha actividade de primeira orde, capaz de xerar emprego, modernizar as

infraestruturas, impulsar outras actividades produtivas, e revalorizar os recursos autóctonos. É unha fonte de ingresos para os concellos, ao atraer a moitas persoas, xerando importantes beneficios económicos. Como expresión cultural é un dos principais motores de desenvolvemento económico da nosa Provincia.

Non é novo o cuestionamento do BNG a respecto da existencia do INORDE, por consideralo un instrumento inservíbel para a finalidade para a que foi creada, que non é outra que contribuir ao desenvolvemento económico dunha provincia cada vez máis deprimida. Nin agora o organismo autónomo, nin antes o Padroado Provincial de Turismo, finiquitado por este goberno, logo de telo pedido o BNG por activa e por pasiva, fixeron o posíbel para pór en valor este elemento tan senlleiro da nosa identidade.

Para o BNG, a singularidade do entroido, polas razón expostas anteriormente, merece un tratamento singular, que sobarde á que actualmente ten implementada a deputación, a través do plan estratéxico de subvencións, que se adica de forma xenérica para actividades culturais.

Por todo o anterior exposto, o grupo provincial do BNG solicita a adopción, por parte do pleno da corporación do seguinte **ACORDO**:

1.- Crear unha páxina separada, adicada monotemáticamente ao Entroido, cun dominio específico, que recolla toda a información sobre a festa.

2.- Implementar, nos orzamentos da deputación para 2017, unha liña específica de subvencións para as asociacións da provincia que contribúan a recuperación e revitalización deste elemento senlleiro da nosa tradición.

Ourense, 14 de marzo de 2016

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

